



INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO RELATIVO AO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO ÁMBITO SUNC-618 CRUCEIRO, NO CONCELLO DE VIGO

Promotor: Comisión xestora para o desenvolvemento urbanístico do ámbito SUNC-618 Cruceiro

Órgano substantivo: Concello de Vigo

Expediente: 2025AAE3030

ANTECEDENTES

- 1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Vigo aprobouse definitivamente o 26.5.2025 (DOG núm.123 do 30.6.2025), tras ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
- 2 O 4.9.2019 o Pleno do Concello de Vigo aprobou o *Estudo específico da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación para o ámbito A-2-07 Cruceiro*, tras recibir os informes autonómicos previstos no artigo 88 da Lei 2/2017. Posteriormente, o 6.8.2020 recibimos na anterior Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático¹ un escrito do Concello de Vigo no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Instrumento de ordenación provisional para o ámbito A-7-02 Cruceiro* (IOP). O 6.10.2020 foi emitido emitido o informe ambiental estratéxico do citado instrumento de ordenación provisional (DOG núm. 213 do 22.10.2020).
- 3 O 22.8.2025 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito do Concello de Vigo no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Plan especial de reforma interior do ámbito SUNC-618 Cruceiro" (en diante, plan ou PERI), segundo o previsto no artigo 29 da Lei 21/2013, do 9 de novembro, de avaliación ambiental. Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.
- 4 O 29.8.2025 iniciamos un período de consultas previo á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de trinta (30) días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o Regulamento que a desenvolve (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento

¹ Actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade





urbanístico o procedemento de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

- 2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG, debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 A avaliación ambiental estratéxica simplificada conclúe cun informe ambiental estratéxico, que ten a natureza de informe preceptivo e determinante (artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental). Neste informe o órgano ambiental determinará se o plan pode ter ou non efectos significativos no medio (artigo 75.3 da LSG). No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
- 4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental deberá consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (artigo 75.3 da LSG), que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao amparo do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto do plan e ámbito de actuación

Obxecto: establecer a ordenación detallada do polígono de solo urbano non consolidado SUNC-236 Cruceiro previsto no PXOM e destinado a usos terciarios.

Ámbito de actuación: baleiro urbano de terreos situados na zona noroeste do termo municipal, pertencentes á parroquia de Santa Baia de Alcabre. O ámbito linda ao norte con fincas urbanas e vivendas unifamiliares, ao sur coa Avenida Europa, ao leste coa autovía VG-20, e ao oeste coa rúa Castaña.

Superficie do ámbito²: 77.250 m². O PXOM delimitou o SUNC-618 cunha superficie bruta de 77.130 m² no entanto, tras a medición topográfica, o PERI a reaxusta.

2 O PXOM contemplaba unha superficie bruta de 77.130 m² para o ámbito de solo urbano non consolidado SUNC-618, no entanto o PERI reaxusta a súa delimitación tras a medición topográfica





Situación do ámbito do PERI

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O PERI ocupa un espazo intermedio de transición entre a cidade densa e compacta e a periferia urbana de baixa densidade da fronte litoral de Alcabre e Samil.

A topografía dos terreos é suave cunha pendente media inferior ao 3% e situándose a maior parte deles en cotas inferiores aos 60 metros sobre o nivel do mar.

A maior parte do ámbito atópase en estado natural ocupado basicamente por vexetación herbácea e matogueira. Na parte central-nordés existe unha zona arborada conformada fundamentalmente por chopos. Na súa contorna hay bosquetes de vexetación mixta con presenza de salgueiros, árbores froitais ou especies ornamentais. Cara ao extremo oeste tamén se advirte unha zona de castiñeiros. Dispersos por todo o ámbito se poden identificar exemplares de especies exóticas invasoras como a herba da pampa (*Cortaderia selloana*), ailantos (*Ailanthus altissima*), acacia negra (*Acacia melanoxylon*) ou robinias (*Robinia pseudoacacia*).

As poucas edificacións illadas existentes no ámbito delimitado son de tipoloxía residencial unifamiliar e sitúanse nas zonas próximas ao camiño Cruceiro e a rúa Castaña. Nas zonas lindeiras do norte e oeste tamén predomina a tipoloxía residencial de baixa densidade, pero conformando pequenas urbanizacións.

O PERI queda emprazado na área continua de ordenación do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL). O plan territorial integrado lle asignou ao polígono APR A-2-07 Cruceiro³, coincidente en boa medida co ámbito do SUNC-618, un grao de compatibilidade ¹⁴ é dicir, as súas determinacións eran plenamente compatibles coas do POL.

³ O solo urbano non consolidado APR A-2-07 Cruceiro estaba incluído con ordenación detallada no PXOM do Concello de Vigo do ano 2008, o vixente no momento de aprobación do POL.

⁴ Artigo 101 do POL





No interior do ámbito non existen bens patrimoniais catalogados, porén foron identificados ao oeste da rúa Castaña dous hórreos en estado de abandono que poderían presentar certo valor etnolóxico. Na contorna occidental do ámbito tamén se detecta a existencia de tres bens patrimoniais que poden verse afectados polas actuacións previstas: a Finca Villa Solita (AQ.01.002) a uns 130 metros ao oeste, actualmente en regular estado de conservación; o cruceiro de Alcabre, a uns 5 metros ao suroeste; e o Silo da rúa Castaña nº 28, ao noroeste nunha parcela privada pechada na que actualmente existe un chalé de nova construción.

O ámbito atópase próximo a importantes vías de comunicación, o que lle proporciona unha boa accesibilidade. No ámbito urbano a Avenida Europa, lindeira ao sur, e a rúa Castaña ao oeste son as principais vías de conexión. No eido suburbano e supramunicipal destaca a autovía de circunvalación VG-20, que discorre soterrada a unha cota inferior pola zona leste. No interior, pola metade sur, discorre o Camiño Cruceiro, que o atravesa o polígono de leste a oeste.

Segundo información do último *Mapa de tráfico*⁵ publicado polo Ministerio de Fomento, a VG-20 ao seu paso pola zona presenta unha considerable intensidade de tráfico, cunha media de 16.017 veh./día, fundamentalmente asociada a vehículos lixeiros. A documentación presentada achega un anexo cun amplo estudo de tráfico na zona, no que foron analizadas as infraestruturas viarias da contorna –en especial a autovía VG-20–, valorando diferentes escenarios de mobilidade para o futuro parque comercial.

O polígono ten acceso inmediato ás principais infraestruturas de abastecemento e saneamento de auga, as cales discorren pola lindeira Avenida Europa e a rúa Castaña. Polo interior do ámbito, ao longo do Camiño Cruceiro existen redes secundarias que actualmente dan servizo ao ámbito pero que, segundo se recoñece no borrador, son insuficientes para soportar a demanda do desenvolvemento terciario.

No referente ao subministro eléctrico, pola zona atravesada unha rede de media tensión así como tendidos aéreos dende os que actualmente se dá servizo ao ámbito. No interior do ámbito non existe rede de subministro de gas, discorrendo a existente ao longo da rúa Castaña.

3. Proposta de plan

Análise de alternativas: o documento ambiental estratéxico valorou dúas alternativas para o PERI, a alternativa cero ou de non formulación da planificación, e a alternativa 1 que se corresponde co desenvolvemento do ámbito A-2-07 conforme o recollido no PXOM. Xustifícase que o presente PERI pretende dar continuidade ao “Estudio Específico da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación para o ámbito A-2-07” o cal contou con informe favorable da Xerencia Municipal de

⁵ <https://mapadetraffic.transportes.gob.es/>





Urbanismo do Concello de Vigo, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.


Resumo da proposta:

O PERI destina a totalidade do aproveitamento lucrativo a usos terciarios en categoría 5ª (grandes superficies comerciais), distribuídos en tres parcelas de diferente dimensión. A de maior dimensión (Parcela 1, de 45.256 m²) queda situada na zona central da actuación sendo na que se prevé unha grande superficie comercial. Ao norte se localizan dúas de menor dimensión (Parcelas 2 e 3, de 6.829 m² e 2.086 m² respectivamente) separadas por un viario que conecta coa zona da Veiguiña.

As parcelas de uso terciario se regulan pola ordenanza *U9.C Actividades terciarias, industria almacenaxe e grandes superficies comerciais*, contemplando unha altura máxima para as edificacións de 4 andares (PB+3) ou 15 metros.

Ao nordés a ordenación reserva unha parcela para uso dotacional (Parcela 4, de 1.550 m²) regulada pola ordenanza *U10. Dotacional-Equipamentos*, na que se establece que nos edificios existentes a altura máxima será a actual. As plantas edificadas poderán ter a altura libre que funcionalmente requiran, sen que se poda usar como argumento para incrementar a altura máxima permitida.

Cubrindo todo o perímetro sur, en paralelo á Avenida Europa, a ordenación prevé executar o sistema xeral de zonas verdes e espazos libres⁶ incluído no PERI, EL-623 Paseo Avenida de Europa-Avenida Castelao (9.023 m²).



Ordenación detallada proposta no borrador (extracto do plano PORD_01USOS)

6 Para esta senda verde xa fora tramitado o *Plan especial de dotacións ZV/SX/B08, eixo Avenida Europa-Avenida Castelao* (aprobado definitivamente por acordo plenario do 29.09.2014), pero suspendido coa anulación do anterior plan xeral do ano 2008.





A proposta tamén integra a execución dun sistema xeral viario para a mellora e ampliación do eixo V-22, A-XVIA-11 *Eixo Avenida Europa-Avenida Castelao* (12.506 m², 2.412 m² correspondentes con vías existentes e 9.974 m² de nova creación) o cal atravesa transversalmente o ámbito do camiño Caringosta/VG20 ata a rúa Castaña. Na parte central deste viario se proxecta unha glorietta da que parte un viario en dirección norte que conecta coa zona da Veiguiña.

Segundo o borrador, o desenvolvemento incorporará unhas 198 prazas de aparcadoiro público emprazadas nas beiras do viario interior e ao longo da rúa Castaña e do camiño Caringosta (PORD_02SLIC_02). Segundo o estudo de tráfico elaborado, o Parque comercial previsto contará cunhas 1.500 prazas de aparcadoiro privadas.

4. Consultas previas

Realizamos as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

<i>Administracións públicas afectadas</i>	<i>Resposta</i>	<i>Sen resposta</i>
Demarcación de Estradas do Estado en Galicia		x
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración do plan a totalidade das observacións e suxestións recibidas, para o cal se lle remiten os textos íntegros dos informes formulados na fase de consultas previas. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións que poden ter incidencia na avaliación ambiental do planeamento.

Instituto de Estudos do Territorio

O proxecto materializa unha importante transformación urbanística, que está prevista no PXOM. A súa localización, nunha zona periférica pero en continuidade coa trama urbana densa de Navia e Coia, resulta congruente cos criterios que expresan a este respecto as Directrices de paisaxe. Na ordenación proposta valórase positivamente certos criterios de ordenación, como son a conexión do sistema viario da área de Alcobre e o seu enlace coa Avenida de Europa, e concentrar o corredor verde ao sur, con fronte á Avenida de Europa. Sen embargo a ordenación da parte norte do sector, en contacto cunha zona residencial de vivendas unifamiliares, non semella a mellor opción para acadar unha boa integración paisaxística.





O PERI vai provocar o impacto paisaxístico propio dos desenvolvementos urbanísticos. Se ben os criterios de ordenación propostos considéranse axeitados, cómpre adoptar cautelas adicionais.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Non existe ningún ben catalogado dentro do ámbito do PERI.

A LPCG non reconece a clasificación e nomenclatura de "ben inventariado" e "bens etnolóxicos inventariados".

Os dous bens que semellan ter afección directa sobre o ámbito do PERI son os identificados no PXOM cos códigos 07-0042 (cruceiros, cruces, petos de ánimas) e 08-0008 (outros). Non se ten realizado no PXOM (nin no de 2008 nin no de 2025), ningún traballo de análise e cribado destes elementos que poden ter sufrido numerosas modificacións co paso do tempo ou, incluso, ter desaparecido.

Se recoñecen como elementos afectados polo desenvolvemento a Casa Camiño do Freixeiro, o Cruceiro de Alcabre e o Silo da rúa da Castaña. Nas coordenadas identificadas para o Silo da rúa Castaña existe un chalé de nova construción.

Os dous hórreos non catalogados en estado de abandono identificados deberanse achegarse fotografías para poder corroborar a ausencia de valores culturais.

Deberá redactarse unha ficha do Catálogo para o cruceiro de Alcabre, situado a 5 metros ao oeste do límite do ámbito do PERI.

Non se considera que a actuación teña afección directa sobre a Finca Villa Solita.

Xustificarase que as vivendas de orixe tradicional existentes non teñen valor patrimonial e, no caso contrario, deberán catalogarse e delimitarse co seu contorno de protección.

Deberán estudarse todas as estruturas tradicionais e integralas na medida do posible na ordenación en aras á súa conservación e posta en valor, podendo unicamente salvarse deste criterio por interese público maior. Os muros de pedra tradicional existentes ao longo da rúa Castaña e o camiño Cruceiro deberán de protexerse mediante a inclusión dunha ordenanza específica na normativa.

O Cruceiro de Alcabre haberá de estar adecuadamente cartografado na planimetría, toda vez que o PERI pode afectar á súa protección e posta en valor. Delimitarase o seu contorno de protección segundo o artigo 12.2 da LPCG.

Como norma xeral, suxírese prever as zonas verdes e espazos libres dentro dos contornos de protección, de xeito que funcionen como amortecemento ou zona de transición coa nova urbanización. Ademais, neste ámbito tamén resulta imprescindible a preservación dos pes de árbores de entidade existentes, aspecto recollido na ficha de desenvolvemento, os cales deberán de incluírse nun plano.





Recoméndase aproveitar a pendente natural do terreo para organizar diferentes zonas de aparcadoiro a distintos niveis (a modo de bancais); así non se terá que executar un desmorte total do ámbito, senón que se aproveitaría a propia topografía natural para minimizar o impacto visual e paisaxístico da actuación.

A nave principal de maior entidade da proposta sitúase na metade leste do ámbito, xusto enriba do conxunto de arborado autóctono de gran porte. Suxírese valorar a localización da edificación cara a rúa Castaña e procurar unha integración das zonas de aparcadoiro dun xeito harmoniosa coas preexistencias de valor. Recoméndase o emprego de pavimentos brandos e agrupacións orgánicas que minimicen o impacto sobre a estrutura vernácula.

Deberase completar o réxime de autorizacións aos bens catalogados coas referencias normativas dos artigos 34.1 e 45 da LPCG.

O contido da normativa de patrimonio cultural é insuficiente, debendo incluírse, cando menos, o réxime e criterios de intervención nos contornos de protección dos bens catalogados. Ademais, deberase incluír unha ordenanza específica para a protección dos muros tradicionais.

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O plan non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar obras e implantar usos autorizados no ámbito de actuación. Tampouco inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

O PERI promove a transformación urbanística duns terreos que constitúen un espazo de transición entre a cidade densa de Navia e Coia e a tramas litorais de Alcabre e Samil. Ademais, o desenvolvemento deste polígono de solo urbano non consolidado terciario está previsto no PXOM de recente aprobación, polo que non se agardan efectos significativos no referente á ocupación do solo.

A execución do PERI xerará na paisaxe os efectos propios dun proceso de transformación urbanística. A súa localización, nun espazo intermedio no que conflúen o tecido urbano de baixa densidade propio da área de Alcabre (ao norte e oeste) con estruturas urbanas de maior intensidade correspondentes ás zonas de Navia (ao sur) ou Coia (ao leste), fan necesario un axeitado tratamento das zonas de transición entre o usos residenciais existentes e os terciarios (grande superficie comercial) propostos no PERI. Neste sentido, se ben o sistema xeral de espazos libres e zonas verdes previsto na zona sur pode constituír unha zona de amortecemento axeitada, cobrarán especial importancia as condicións normativas que se establezan para a súa execución.





Por outra banda, a proposta tamén deberá analizar en detalle a integración paisaxística das actuacións previstas nas zonas lindeiras ás áreas de vivenda unifamiliar situadas ao norte e oeste.

O ámbito queda emprazado na área continua de ordenación litoral do POL, a considerada apta para o desenvolvemento urbanístico, non presentando incidencia en áreas descontinuas como corredores ou espazos de interese. O plan territorial integrado lle asignou ao SUNC da APR A-2-07 Cruceiro ⁷, corresponde en boa medida co ámbito do PERI, un grao de compatibilidade ¹⁸ é dicir, as súas determinacións eran plenamente compatibles coas do POL. En todo caso, a conformidade do PERI coas determinacións do POL deberá ser avaliada polo órgano sectorial competente na tramitación do plan.

Nin no ámbito nin na súa contorna inmediata existen espazos naturais protexidos no entanto, nas áreas interiores do PERI existen zonas con pes de árbores de certa entidade de interese que poden verse afectados polas actuacións proxectadas. Tal como se recolle na ficha do desenvolvemento, as árbores maduras existentes, en especial as autóctonas, deben de integrarse (na medida do posible) no sistema de espazos libres, entre elas as masas de chopos e especies ornamentais. Por outra banda, se deberán de contemplar medidas para a eliminación das especies exótica invasoras detectadas no ámbito.

No ámbito non existe ningún ben patrimonial catalogado que poda verse afectado porén, na rúa Castaña e no camiño Cruceiro existen muros tradicionais que poden verse afectados. Nas proximidades do perímetro occidental, fora da área de actuación, sitúanse elementos catalogados para os que será preciso definir o seu contorno de protección, na procura de establecer criterios de intervención nas zonas interiores do PERI que podan verse afectadas.

Segundo o informado pola empresa concesionaria dos servizos municipais de abastecemento e saneamento (Aqualia) no seu informe do 22.5.2025, o polígono conectarase á ETAP de Casal, a cal dispón de capacidade suficiente para o subministro de caudais para o PERI. Ao respecto do saneamento informa que o polígono se conectará á rede de colectores que transportan as augas residuais cara á EDAR do Lagares, a cal dispón de capacidade de tratamento e depuración para os caudais de augas fecais do ámbito. Porén, sinala que o informe debe considerarse como un primeiro avance orientativo a falta de coñecer as dotacións e caudais previstos polo desenvolvemento, debendo corroborarse dita dispoñibilidade na tramitación do planeamento. Considerando o sinalado non é previsible que o desenvolvemento vaia a presentar unha incidencia significativa no ciclo hídrico, no entanto lémbrese que non se poderá executar o PERI se non está previamente garantido o abastecemento de auga e o saneamento de augas residuais e a xestión das augas pluviais conforme a criterios de sustentabilidade e á planificación hidrolóxica (determinación 4.8.9 das DOT).

⁷ O polígono APR A-2-07 Cruceiro estaba incluído no anterior PXOM do Concello de Vigo

⁸ Artigo 101 do POL





Segundo a información dos mapas estratéxicos de ruído publicados⁹ o ámbito vese parcialmente afectado polas emisións acústicas das estradas lindeiras VG-20 (ao leste) e Avenida Europa (ao sur). Porén, tendo en consideración os usos terciarios previstos e a ordenación presentada, no PERI non se superan os obxectivos de calidade acústica establecidos pola lexislación vixente¹⁰.

En canto á mobilidade, o PERI levará implícito un aumento dos desprazamentos na zona asociados á grande área comercial proxectada. Segundo se conclúe no estudo de tráfico elaborado, a implantación dos novos usos terciarios non afectará negativamente ao tráfico da VG-20 ni ao sistema viario municipal, considerando que a demanda xerada¹¹ poderá ser absorbida polas infraestruturas proxectadas e polas melloras das existentes previstas.

O emprazamento do ámbito nunha zona lindeira a importantes vías de comunicación como a Avenida Europa ou a autovía VG-20, así como as previsións da ordenación proposta que contempla a execución dun novo sistema xeral viario con conexións coa rúa Castaña (ao oeste) e coa glorieta sobre a VG-20 (polo oeste) e melloras nas infraestruturas viarias existentes, favorecen a diversificación do tráfico xerado polo desenvolvemento, minimizando os posibles efectos sobre a mobilidade.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Que a partir da documentación presentada polo promotor e, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non se prevé que o "Plan especial de reforma interior do ámbito SUNC-618 Cruceiro" no concello de Vigo teña efectos ambientais adversos significativos pero deberán atenderse as seguintes condicións:

- 1) Deberá buscarse a mellor transición e articulación posible entre o novo desenvolvemento e as zonas de vivenda unifamiliar situadas ao oeste e especialmente ao norte. Neste último caso (parcelas 2, 3 e 4) recoméndase prever unha barreira vexetal que actúe como transición entre a superficie comercial e os usos residenciais situados ao norte.
- 2) A normativa conterá normas específicas que regulen as condicións nas que deberán executarse os espazos libres, en particular en canto ao mantemento do arboredo autóctono de interese.
- 3) Para as novas plantacións recoméndase o uso de especies autóctonas, sobre todo no eixo do corredor verde paralelo á Avenida Europa. Ademais, a normativa deberá de contemplar medidas para a xestión, control e

9 Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo (ano 2022) fase 4^a

10 Táboa A do anexo II do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas (modificado polo Real decreto 1038/2012, do 6 de xullo). Para os novos desenvolvementos urbanísticos os obxectivos de calidade acústica redúcense en 5 dB, de acordo co sinalado no artigo 14.2.

11 Segundo o estudo do tráfico, elaborado no ano 2019, o novo parque comercial "O Cruceiro" levará asociada unha afluencia duns 6.075 vehículos/día en días laborables e 7.883 vehículos/día en festivos.





erradicación das especies exóticas invasoras detectadas no interior do ámbito.

- 4) A normativa deberá incorporar os criterios de intervención aplicables nas zonas afectadas polos contornos de protección dos bens catalogados situados na contorna do PERI. Tamén incluírá unha ordenanza específica destinada á conservación dos muros tradicionais existentes no interior.

Este **informe ambiental estratéxico** remitirase ao promotor e ao órgano substantivo, xunto con **copia dos informes recibidos na fase de consultas previas**, e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (<https://medioambiente.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Segundo o disposto no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra o informe ambiental estratéxico non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Alejandro Carrera López
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

